

A ESTACIÓN DAS MULLERES

[Leena Yadav, 2015]

145

ESTREA EN NUMAX: 26.08.2016 | V.O.S.E. | +16

FICHA TÉCNICA

Parched (2015, 116')

Dirección: Leena Yadav

Guión: Supratik Sen, Leena Yadav

Reparto: Adil Hussain, Radhika Apte, Surveen Chawla, Tannishtha Chatterjee, Sayani Gupta, Sumeet Vyas, Mahesh Balraj, Lehar Khan,

Montaxe: Kevin Tent

Dirección de arte: Pradip Redij, Aman Mohan Vidhate

Vestuario: Ashima Belapurkar

Son: David Stevens

Música: Hitesh Sonik

Fotografía: Russell Carpenter

Produtora: Blue Waters Motion Pictures, Brillstein Entertainment Partners, Ashlee Films (India), Shivalaya Entertainment (Estados Unidos)

Distribuidora: Surtsey Films

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Hindi e inglés

FILMOGRAFÍA

Teen Patti, 2010

Shabd, 2005

FESTIVAIS

Indian Film Festival de Los Angeles (mellor actriz, premio do público), Stockholm Film Festival (mellor dirección)

SINOPSE

Nun pequeno pobo do estado de Gujarat, na India actual, catro mulleres atrevense a se opoñer aos homes e ás tradicións ancestrais que as escravizan. Alentadas pola súa amizade e o seu desexo de liberdade, enfróntanse aos seus demos e soñan co amor e outro mundo.

«Yadav atrevese con algúns matices de ambigüidade e claroscuro que elevan a súa proposta moi por riba do agardado. A gran fortaleza do filme está nos detalles»

Jordi Costa. EL PAÍS



A ESTACIÓN DAS MULLERES

[Leena Yadav, 2015]

«Moitas mulleres de todo o mundo van conectar coas historias do filme»

Entrevista con Leena Yadav
Por Stephen Saito

Tes declarado que a inspiración para facer o filme chegouche mentres viaxabas por Kutch, no oeste da India. Que te levou a este lugar?

A actriz que interpreta a Rani no filme quería que traballásemos xuntas e comezamos a explorar diversos temas. Ela comezou a contarme historias sobre as mulleres que coñeceu nestas aldeas namentres traballaba en filmes previos e eran relatos realmente divertidos. Comecei a escribir un tratamento sobre o filme e volvimos viaxar durante tres semanas a estas áreas só para falar e compartir experiencias con estas mulleres. Logo volvíñ a Bombay e pensei: «realmente as historias non son tan diferentes ás da cidade». É tan emocionante poder facer o filme nesta remota aldea que tivese resonancia en Bombay ou Nova York, en diferentes circunstancias mais dentro dunha certa similitude.

Cada unha das mulleres do filme semella representar un papel específico.

Tentei representar unha chea de cousas... No caso do personaxe de Rani explorei todas os condicionantes que inciden no rol social da muller. Primeiro como noiva e logo como sogra hai unha chea de barreiras que non podes sobrepasar. Unha non se decata como cae nesos roles porque son impostos de xeración en xeración. Coido que hai unha Rani en min, mais tamén unha pequena Lajjo e Bijili e Janaki. Así é como fun quen de crear estes personaxes cos que coido que moitas mulleres de todo o mundo van conectar en diferentes aspectos das distintas historias do filme.

Resulta rechamante que contratases ao montador de *Los descendientes* (Alexander Payne, 2011), Kevin Tent, e ao director de fotografía de *Titanic* (James Cameron, 1997), Russell Carpenter, entre outros norteamericanos implicados no filme. En cada filme gústame explorar diferentes xeitos de colaboración porque realmente coido que o cinema é unha linguaxe de emocións. É universal. Algún día gustaríame traballar cun

equipo completamente internacional e contar a mesma historia. Iso sería incríbel. A miña perspectiva mudou desde o momento que quero chegar a públicos máis amplos. Se só fago filmes na India pode que bote man de elementos gramaticais específicos e neste caso quería sobrepasar estas barreiras.

Os teus filmes anteriores fixéchelos en Bollywood, foi diferente facer un filme independente? En termos de historia non necesariamente, os meus filmes anteriores fixenos en Bollywood para poder contar coas grandes estrelas que traballan alí. En termos de contido coido que non eran do estilo Bollywood. Quería facer un filme dun xeito diferente e o meu marido, que é director de fotografía dixo, «vou producir este filme para que fagas o que queiras». Foi un proceso moi moi complicado pola dificultade para obter financiamento para un filme coma este.

Semella algo inusual no cinema indio ver a sinceridade sexual deste filme. Houbo algunha autocensura neste aspecto? Despois de todo a India é o país do Kama Sutra, somos un pobo moi expresivo e moi físico, mais dalgún xeito fomos condicionadas nestas actitudes sobre o que era correcto e incorrecto.

Un dos elementos máis maravillosos do filme é a maneira en que amosas o desprezábel comportamento de certos homes cuxas actitudes seguen a oprimir ás mulleres. Foi difícil de expresar esta idea? Si, pero esa era a idea. Non vexo aos homes como os malos do filme. Para min son tan vítimas como as mulleres. A cuestión é preguntarnos se temos que aceptar todo o que nos chega pola nosa condición. Que é unha norma? Por que prevalece? Precisamos facernos estas preguntas.

Houbo algún día especialmente complicado de rodaxe? Todos. Estamos a traballar con cuestións moi delicadas e tivemos moitas restricións loxísticas, gravando en exteriores reais nunha aldea. A pesar diso contamos cun equipo brillante e colaborativo. É o equipo perfecto co que un podería soñar. Cada vez que xurdía un problema pensaba: «De acordo, saíamos xuntos disto». Non houbo ningunha montaña que dixeramos, «non podemos pasala». Escalamos cada montaña xuntas.

Publicado en <http://moveablefest.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME